

**ASUNTO PLE/2021/00022823L**

**ACTA NÚM. 10 - SESIÓN ORDINARIA 31 DE MAIO DE 2021**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:06 horas** do día **31 de maio de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.  
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

**ASISTEN:**

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

**PSdeG-PSOE:**

Dona Mercedes Rosón Ferreiro  
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)  
Dona María Milagros Castro Sánchez  
Don Gonzalo Muíños Sánchez  
Dona Marta Abal Rodríguez  
Don José Manuel Pichel Patiño  
Don José Javier Fernández Martínez  
Don Rubén Pol Mariño

**PP:**

Dona Ana Belen Sabel Iglesias  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)  
Dona María Angeles Antón Vilasánchez  
Don José Antonio Constenla Ramos  
Don Evaristo Ben Otero  
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (incorporase no punto 3)  
Dona Beatriz Cigarrán Vicente  
Dona María Castelao Torres

**CA:**

Dona Branca Petra Novo Rey  
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)  
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez  
Dona María Rozas Pérez  
Don Xan Xesús Duro Fernández

**BNG:**

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)  
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.  
José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira, Dona María Esther Pedrosa Carrete.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se

encontran en territorio español.

## **ORDE DO DÍA:**

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de abril do corrente ano.**
- 2. Declaración de interese xeral municipal do proxecto “Centro de servizos innovadores para empresas biotecnolóxicas (CSIEB) promovido por Sionlla Biotech, SL.”**
- 3. Aprobación do réxime de fiscalización de ingresos e de fiscalización e intervención limitada previa sobre gastos e obrigas para o exercicio da función interventora.**
- 4. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para aplicar as bonificacións do servizo de recollida de residuos.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre a construción da senda peonil para conectar a AC-543 en Vidán con Paredes de Laraño.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para que a solución para parcela do vello colexio Peleteiro sexa consensuada co tecido social do Ensanche.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular para a creación do borrador tributario da cidadanía e o pagamento a prazos dos tributos.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para o acondicionamento do parque Carlomagno con novos percorridos que permitan un mellor aproveitamento desta zona verde.**
- 9. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para garantir o compromiso coa reindustrialización de Santiago e o proxecto do polo de innovación de biotecnoloxía na Sionlla.**
- 10. Dar conta de resolucións da alcaldía de delegación de funcións.**
- 11. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**
- 12. Rogos, preguntas e interpelacións.**

### **Interpelación:**

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o desmantelamento do servizo de conciliación.**

### **Rogos:**

- 1.- Presentado polo grupo municipal de CA sobre o centro xove da Almaciga.**

- 2.- Presentado polo grupo municipal de CA para o arranxo da pista da Pontecova.
- 3.- Presentado polo grupo municipal do BNG mellora seguranza viaria na Almáciga.
- 4.- Presentado polo grupo municipal do BNG para instalar placas de lembranza vítimas represión franquista.
- 5.- Presentado polo grupo municipal de CA sobre a rúa Pablo Leis.
- 6.- Presentado polo grupo municipal do PP sobre parque infantil en Pontepedriña.
- 7.- Presentado polo grupo municipal do PP sobre aglomeracións actos do concello.
- 8.- Presentado polo grupo municipal do PP mellora da rúa de San Clemente.

**Preguntas resposta oral:**

- 1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o servizo de asesoramento, orientación laboral e apoio LGBTI.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a seguridade vial do parque infantil en Mestra Victoria Miguez.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a cafetería do aeroporto.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do BNG apertura do Panteón de Galegos Ilustres.
- 5.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a policía de barrio.
- 6.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o parque de Angrois.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre beirarrúa no Polígono do Tambre.
- 8.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre centros socioculturais.
- 9.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a escola de música.

**Preguntas resposta escrita:**

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP, sobre títulos, honras e condecoracións.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP, asistencia a competicións deportivas.
- 3.- Presentada polo grupo municipal de CA, sobre listas de agarda axuda no fogar.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do PP, sobre adscrición de vehículo á concesionaria do servizo de limpeza.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do PP, sobre licenzas.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG, sobre instalación de paneis.

**13. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:**

- 1.- Presentada por CA para a creación dunha escola para persoas maiores na rede de centros socioculturais.
- 2.- Presentada por CA para garantir o uso compartido do edificio multiusos de Lavacolla entre a veciñanza da parroquia e a Comunidade educativa do CEIP Rodríguez Xixirei.
- 3.- Presentada polo BNG para activar o protocolo de protección contra as violencias de xénero e evitar a revitimización.
- 4.- Presentada polo BNG sobre as peaxes nas autovías galegas.
- 5.- Presentada polo BNG en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusto e galego fronte ao espolio e a depredación.
- 6.- Presentada por CA para a readaptación e execución do proxecto da cidade da raqueta.
- 7.- Presentada polo BNG para participar no proxecto solidario de vacinación contra a COVID en Cuba.
- 8.- Presentada polo PP para a adopción de medidas urxentes de protección e difusión do patrimonio rupestre.

9.- Presentada por CA para impulsar unha nova estratexia turística POS-COVID para Santiago de Compostela.

A pregunta presentada polo BNG para resposta oral, sobre a cafetería do aeroporto, foi retirada antes da celebración da sesión plenaria polo grupo autor da mesma.

Antes de entrar a tratar os asuntos incluídos na orde do día da presente sesión, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

Seguidamente teñen lugar as seguintes intervencións:

Don José A. Seijas Castro, en representación das entidades Comercio Punto Compostela, Santiago Centro, Raigame, Agadea, EmRede e comunidade de propietarios de edificios da zona, en relación á proposición presentada por Compostela Aberta para que a solución para a parcela do vello Colexio Peleteiro sexa consensuada co tecido social do Ensanche.

En segundo lugar, intervén Don Juan Casares Long, tamén con relación ao Colexio Peleteiro, e como afectado polo proxecto de ordenación.

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE ABRIL DO CORRENTE ANO.**

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade dos asistentes, a acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de abril do corrente ano.

### **2. DECLARACIÓN DE INTERESE XERAL MUNICIPAL DO PROXECTO “CENTRO DE SERVIZOS INNOVADORES PARA EMPRESAS BIOTECNOLÓXICAS (CSIEB) PROMOVIDO POR SIONLLA BIOTECH, SL.”**

Á vista do informe proposta asinado pola economista de promoción económica e o señor alcalde con data 18 do corrente mes, e máis do ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 26, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Declarar como de interese xeral municipal para o Concello de Santiago de Compostela o proxecto CENTRO DE SERVIZOS INNOVADORES PARA EMPRESAS BIOTECNOLÓXICAS (CSIEB) promovido por SIONLLA BIOTECH SL, no marco da convocatoria de Xunta de Galicia de axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa de centros de fabricación avanzada), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Segundo.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o contido deste acordo, así como no taboleiro de anuncios do Concello.

Terceiro.- Trasladar o contido deste acordo á empresa SIONLLA BIOTECH SL.

### **3. APROBACIÓN DO RÉXIME DE FISCALIZACIÓN DE INGRESOS E DE FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA SOBRE GASTOS E OBRIGAS PARA O EXERCICIO DA FUNCIÓN INTERVENTORA.**

Incorpórase á sesión o concelleiro, Don Ramón Quiroga Limia.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 20 de maio do corrente ano, con relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local modificou os artigos 213 e 218 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, introducindo un mandato ao executivo para a regulación dos procedementos de control interno e a metodoloxía de aplicación co obxectivo, entre outros, de reformar o control económico-orzamentario e o papel da función interventora nas Entidades locais.

O Ministerio de Facenda e Función Pública, en exercicio daquel mandato, elaborou e aprobou o Regulamento que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o cal foi aprobado por Real Decreto 424/2017, do 28 de abril.

O novo Regulamento de Control iniciou a súa vixencia o 1 de xullo do 2018. O artigo 13 desta norma regulamentaria prevé a posibilidade de establecer como réxime de fiscalización e intervención dos gastos un réxime especial que supón comprobar, con carácter previo á súa aprobación, que os expedientes cumpren cuns requisitos considerados básicos tanto polo lexislador como para a propia Corporación.

O establecemento deste réxime limitado fai someter estes mesmos expedientes a un control pleno posterior no marco do exercicio do control financeiro que tamén ten atribuído o órgano interventor. O establecemento dunha fiscalización limitada previa xa se atopaba contemplado no artigo 219 do TRLHRL, e ata o de agora viña regulando nesta Administración municipal a través das bases de execución do Orzamento. Coa aprobación da presente proposta de acordo, con todo, concrétese e ampla o detalle do seu alcance e mellórase tecnicamente dotándoo dunha maior claridade, polo que se considera necesario regular esta materia de forma independente e concreta para propiciar unha xestión máis eficaz, homoxénea e transparente do control interno desta Administración municipal.

Neste réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos, o órgano interventor deberá comprobar os requisitos básicos que se indican a continuación:

- a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obrigación que se propoña contraer.
- b) Que as obrigacións ou gastos xéranse por un órgano competente.
- c) Os outros aspectos que, pola súa especial transcendencia no proceso de xestión, determine o Pleno a proposta do Presidente e previo informe do órgano interventor.

Ademais a norma regulamentaria que se ven citando, con independencia de que o Pleno ditase ou non o acordo de referencia, considera, en todo caso, transcendentales no proceso de xestión os extremos que fixe o acordo do Consello de Ministros vixente respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, nos supostos que sexan aplicables ás entidades locais e que se han de comprobar en todos os tipos de gasto que comprende. Os Acordos do Consello de Ministros vixentes na actualidade para estes efectos son:

Resolución do 2 de xuño do 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30 de maio do 2008, polo que se dá aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos; e

Resolución do 25 de xullo do 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros do 20 de xullo do 2018, que modifica a anterior no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios.

Doutra banda, e sen prexuízo do establecido no artigo 13 do Regulamento de control, cando se efectúe a intervención previa da liquidación do gasto ou o recoñecemento de obrigacións haberá tamén que comprobar o previsto no artigo 19 da repetida norma regulamentaria, que se resume en:

- a) Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, cando corresponda.
- b) Que os documentos xustificativos da obrigación axústanse ás disposicións aplicables e en todo caso conste: a identificación do acredor, o importe da obrigación e as prestacións realizadas ou outras causas das que derive a obrigación de pago.
- c) Que se comprobou materialmente, cando cumpra, a realización efectiva e conforme da prestación.

Todos estes requisitos teñen a consideración de esenciais.

Aínda que o establecemento dunha fiscalización limitada previa é potestativa, considérase adecuado manter o alcance limitado da fiscalización previa vixente na actualidade e sustentado polas bases de execución e acollerse novamente a este réxime especial de fiscalización, nos termos agora do novo Regulamento, para que as diferentes unidades xestoras sexan coñecedoras dunha forma máis sistemática de todos aqueles extremos considerados de básico cumprimento para que o expediente poida ser inicialmente aprobado.

Así mesmo, o establecemento deste réxime permite reducir o prazo actual da fiscalización que se complementará con soporte informático adecuado. Todo iso debe permitir unha mellora cualitativa dos expedientes administrativos e unha maior axilidade na tramitación dos mesmos.

Este réxime de fiscalización limitada complementarase destinando medios persoais e materiais actuais á implantación e práctica do control financeiro permanente a realizar nas entidades que están suxeitas á función interventor, isto é, a propia entidade local e o Auditorio de Galicia. Esta nova modalidade de control na súa vertente de planificable carece de precedentes na Administración municipal, na que non existe unha cultura nestas actividades de control financeiro, o que sen dúbida esixirá un maior esforzo na súa implantación e posta en práctica, o cal corresponde ao órgano interventor cos medios e recursos que dispón na actualidade.

Á presente proposta de acordo incorporouse un anexo que forma inseparable da mesma, o cal contén unha fichas de actuacións de control agrupadas por áreas en función de tipo de gasto e que son as seguintes:

## Persoal

**Contratación**

Transferencias, subvencións e axudas concedidas

Convenios de colaboración suxectos a Lei 40/2015

Expedientes urbanísticos

Gastos financeiros

Outros expedientes económicos

Intervención formal e material do pago. Pagos a xustificar e Anticipos de Caixa Fixa.

En canto á fiscalización previa de dereitos e ingresos, de acordo co artigo 9 do Regulamento de Control pódese substituír pola toma de razón en contabilidade e o control financeiro posterior. Así se atopa xa contemplado nas actuais bases de execución do orzamento, pero acórdase novamente o seu establecemento neste Acordo.

Este réxime de fiscalización e intervención limitada previa así como a toma de razón en contabilidade dos ingresos é de aplicación ás entidades suxeitas á función interventora, no noso caso á propia entidade local e ao organismo autónomo de carácter administrativo Auditorio de Galicia.

De acordo co artigo 13 do Regulamento de Control, a competencia para a aprobación da implantación do réxime de fiscalización e intervención limitada previa corresponde ao Pleno, previo informe do órgano interventor; e de acordo co artigo 9 do mesmo regulamento tamén corresponde ao Pleno a substitución da fiscalización previa dos dereitos e ingresos pola nota en contabilidade.

Por todo o exposto, vista a normativa aplicable, e en concreto o disposto no RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades no sector público local é os Acordo do Consello de Ministros do 30 de maio do 2008 é 25 de xullo do 2018, así como o RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, propónse ao Pleno, a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a substitución da fiscalización previa de dereitos e ingresos da Tesourería do Concello, a do seu organismo autónomo de carácter administrativo “Auditorio de Galicia” e das entidades do seu sector público suxeitas á función interventora que puidesen existir no futuro, pola inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro, excepto para a fiscalización previa dos compromisos de ingresos derivados de subvencións e transferencias de terceiros.

**SEGUNDO.-** Aprobar o réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos sobre gastos e obrigacións para o exercicio da función interventora, no Concello, no seu organismo autónomo de carácter administrativo “Auditorio de Galicia” e na entidades do seu sector público suxeitas á función interventora que puidesen existir no futuro, nos termos previstos no presente apartado.

A) A fiscalización e intervención previa de gastos ou obrigacións incluídos no presente Acordo, realizarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:

A.1) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado e suficiente á natureza do gasto ou obrigación que se propoña contraer. A este respecto, considérase que as propostas cumpren os requisitos do artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sempre que non se poña de manifesto un incumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Nos casos en que o crédito orzamentario de cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.

Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Entenderase que o crédito é adecuado, cando financie obrigacións a contraer ou nadas e non prescritas a cargo da tesourería da Entidade Local que cumpran os requisitos dos artigos 172 e 176 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En caso de gastos de carácter plurianual e, no seu caso, anticipado, ademais, deberá incorporarse o informe do órgano competente en materia de orzamentos, que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa orzamentaria.

A.2) Que as obrigacións ou gastos xéranse por órgano competente para a aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigación.

A.3) A competencia do órgano de contratación, do concedente da subvención, do que celebra o convenio de colaboración ou do que resolve o expediente de responsabilidade patrimonial e, en xeral, do que dite o acto administrativo, cando devandito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigación de que se trate.

A.4) Que os expedientes de compromiso de gasto responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente.

Así mesmo, nos expedientes de recoñecemento de obrigacións, que os mesmos responden a gastos aprobados e comprometidos e, no seu caso, fiscalizados favorablemente; ademais de todos os extremos esixidos nos artigos 18 e 19 do Real Decreto 424/2017.

No caso de que a comprobación material dun investimento sexa preceptiva, que se produciu a intervención da citada comprobación material do investimento cun resultado favorable. No resto de casos, a comprobación do investimento xustificarase coa acta de conformidade asinada por quen participou na recepción material ou cunha certificación expedida polo responsable do centro xestor a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo co detalle necesario para a súa identificación, ou executarse a obra ou servizo conforme as condicións xerais e particulares que, en

relación con eles, fosen previamente establecidas.

A.5) A existencia de autorización da Xunta de Goberno, naqueles tipos de gastos incluídos no presente Acordo nos que a súa normativa específica esíxao.

A.6) A existencia dos informes preceptivos favorables esixidos pola norma, entre outros, os que con carácter xeral referéncianse no presente Acordo.

A.7) Aqueles extremos adicionais que, atendendo á natureza dos distintos actos, documentos ou expedientes contéñense no ANEXO do presente Acordo.

A proposta para elevar ao órgano competente deberá acompañarse do informe no que se manifeste a adecuación da mesma á normativa aplicable e, cando a adopción do acordo proposto conleve a realización de actos de execución orzamentaria, proposta de documento contable de operacións previas debidamente cumprimentado pola unidade xestora.

B) Cando dos informes preceptivos aos que se fai referencia nos diferentes apartados deste Acordo puxésese de manifesto a omisión de requisitos ou trámites que sexan esenciais ou que a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesourería da Entidade ou a un terceiro, procederase ao exame exhaustivo do documento ou documentos obxecto do informe e se, a xuízo do Interventor, danse as mencionadas circunstancias, haberá de actuar conforme ao preceptuado nos apartados 1 e 2 do artigo 12 do RD 424/2017 polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.

**TERCEIRO.-** No caso de que non estivese previsto o gasto no ANEXO, e existise no Acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, relativo ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, aplicarase esta norma para o exame dos aspectos esenciais.

No caso de que non estivese previsto o gasto nin no ANEXO, nin no Acordo do Consello de Ministros vixente en cada momento, relativo ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, o órgano interventor examinará os elementos establecidos no artigo 13.2 letras a) e b) do RD 424/2017 polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.

**CUARTO.-** Deixar sen efecto a regulación contida nas Bases de Execución do Orzamento Xeral vixente ou de calquera outra norma ou instrución de carácter interno que se opoña ao presente acordo.

**QUINTO.-** Que pola Secretaría Xeral do Pleno remítase a presente proposta e o seu ANEXO ao que se remiten os seus apartados dispositivos segundo e terceiro certificada do acordo ao servizo municipal correspondente, para os efectos da súa publicación no Portal de Transparencia municipal."

Presentaron emendas os grupos municipais de Compostela Aberta e o Bloque Nacionalista Galego, quedando a do BNG subsumida na de Compostela Aberta, polo que o texto da emenda sería, engadir no punto primeiro do acordo, o seguinte: "os expedientes que poidan supoñer gastos que deban ser aprobados polo Pleno do Concello e os expedientes de contía superior a 500.000 euros ou aqueles que superen este importe como consecuencia de rectificacións e/ou modificacións posteriores á

súa aprobación inicial.”

En primeiro lugar vótase o texto da emenda de CA, e o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de CA, do BNG e do PSdeG-PSOE (5 CA, 2 BNG e 9 PSdeG-PSOE) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda incorporar ao punto primeiro do acordo a emenda presentada.

Xa que logo, á vista da proposta transcrita, máis do informe de intervención (Ref. 345/2021) e demais documentación que obra no expediente, así como do ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 26, e máis do texto da emenda de engádegas aceptada, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do BNG e do PSdeG-PSOE (5 CA, 2 BNG e 9 PSdeG-PSOE) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobación da substitución da fiscalización previa de dereitos e ingresos da Tesourería do Concello, a do seu organismo autónomo de carácter administrativo “Auditorio de Galicia” e das entidades do seu sector público suxeitas á función interventora que puidesen existir no futuro, pola inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro, excepto para a fiscalización previa dos compromisos de ingresos derivados de subvencións e transferencias de terceiros. os expedientes que poidan supoñer gastos que deban ser aprobados polo Pleno do Concello e os expedientes de contía superior a 500.000 euros ou aqueles que superen este importe como consecuencia de rectificacións e/ou modificacións posteriores á súa aprobación inicial.

**SEGUNDO.-** Aprobación do réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos sobre gastos e obrigacións para o exercicio da función interventora, no Concello, no seu organismo autónomo de carácter administrativo “Auditorio de Galicia” e na entidades do seu sector público suxeitas á función interventora que puidesen existir no futuro, nos termos previstos no presente apartado.

A) A fiscalización e intervención previa de gastos ou obrigacións incluídos no presente Acordo, realizarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:

A.1) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado e suficiente á natureza do gasto ou obrigación que se propoña contraer. A este respecto, considérase que as propostas cumpren os requisitos do artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sempre que non se poña de manifesto un incumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Nos casos en que o crédito orzamentario de cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.

Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do texto refundido

da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Entenderase que o crédito é adecuado, cando financie obrigacións a contraer ou nadas e non prescritas a cargo da tesourería da Entidade Local que cumpran os requisitos dos artigos 172 e 176 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En caso de gastos de carácter plurianual e, no seu caso, anticipado, ademais, deberá incorporarse o informe do órgano competente en materia de orzamentos, que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa orzamentaria.

A.2) Que as obrigacións ou gastos xéranse por órgano competente para a aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigación.

A.3) A competencia do órgano de contratación, do concedente da subvención, do que celebra o convenio de colaboración ou do que resolve o expediente de responsabilidade patrimonial e, en xeral, do que dite o acto administrativo, cando devandito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación, compromiso do gasto ou recoñecemento da obrigación de que se trate.

A.4) Que os expedientes de compromiso de gasto responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente.

Así mesmo, nos expedientes de recoñecemento de obrigacións, que os mesmos responden a gastos aprobados e comprometidos e, no seu caso, fiscalizados favorablemente; ademais de todos os extremos esixidos nos artigos 18 e 19 do Real Decreto 424/2017.

No caso de que a comprobación material dun investimento sexa preceptiva, que se produciu a intervención da citada comprobación material do investimento cun resultado favorable. No resto de casos, a comprobación do investimento xustificárase coa acta de conformidade asinada por quen participou na recepción material ou cunha certificación expedida polo responsable do centro xestor a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo co detalle necesario para a súa identificación, ou executarse a obra ou servizo conforme as condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

A.5) A existencia de autorización da Xunta de Goberno, naqueles tipos de gastos incluídos no presente Acordo nos que a súa normativa específica esíxao.

A.6) A existencia dos informes preceptivos favorables esixidos pola norma, entre outros, os que con carácter xeral referéncianse no presente Acordo.

A.7) Aqueles extremos adicionais que, atendendo á natureza dos distintos actos, documentos ou expedientes contéñense no ANEXO do presente Acordo.

A proposta para elevar ao órgano competente deberá acompañarse do informe no que se manifeste a adecuación da mesma á normativa aplicable e, cando a adopción do acordo proposto conleve a realización de actos de execución orzamentaria, proposta de documento contable de operacións previas debidamente cumprimentado pola

unidade xestora.

B) Cando dos informes preceptivos aos que se fai referencia nos diferentes apartados deste Acordo puxécese de manifesto a omisión de requisitos ou trámites que sexan esenciais ou que a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesourería da Entidade ou a un terceiro, procederase ao exame exhaustivo do documento ou documentos obxecto do informe e se, a xuízo do Interventor, danse as mencionadas circunstancias, haberá de actuar conforme ao preceptuado nos apartados 1 e 2 do artigo 12 do RD 424/2017 polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.

**TERCEIRO.-** No caso de que non estivese previsto o gasto no ANEXO, e existise no Acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, relativo ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, aplicarase esta norma para o exame dos aspectos esenciais.

No caso de que non estivese previsto o gasto nin no ANEXO, nin no Acordo do Consello de Ministros vixente en cada momento, relativo ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, o órgano interventor examinará os elementos establecidos no artigo 13.2 letras a) e b) do RD 424/2017 polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.

**CUARTO.-** Deixar sen efecto a regulación contida nas Bases de Execución do Orzamento Xeral vixente ou de calquera outra norma ou instrución de carácter interno que se opoña ao presente acordo.

**QUINTO.-** Que pola Secretaría Xeral do Pleno se remíta o presente acordo e o seu ANEXO ao que se remiten os seus apartados dispositivos segundo e terceiro ao servizo municipal correspondente, para os efectos da súa publicación no Portal de Transparencia municipal.

Auséntase o señor Quiroga, que xa non se reincorpora á sesión.

#### **4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA APLICAR AS BONIFICACIÓNS DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESÍDUOS.**

A proposición presentada con data 18 de maio do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para a aplicación das bonificacións que corresponden no servizo de recollida de residuos.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Concello de Santiago ten diversas bonificacións na taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, especificados na Ordenanza 3.16, que non se están a aplicar no recibo das persoas beneficiarias. En concreto, sinálase no punto 3 do artigo 6, relativo a beneficios fiscais, que terán unha bonificación do 40% aqueles/as contribuíntes que habiten en zonas nas que a recollida teña lugar en días laborábeis alternos.

Neste sentido, é necesario que o Goberno local realice as xestións necesarias para

aplicar esta redución da taxa de residuos nas localizacións onde se efectúa a recollida de residuos en días alternos, en parroquias do rural, para devolverlles os cartos cobrados de máis por Viaqua ás persoas que contan con estas bonificacións no recibo do lixo, ademais de aplicar esta bonificación e facela efectiva a partir desa regularización.

Isto é porque este desconto non se aplica en recibos de recollida de residuos do rural compostelán, que van incluídos na factura que emite a concesionaria de augas Viaqua, pese especificar o concepto de “recollida en días alternos”, e a ter dereito a esa bonificación do 40% segundo consta nas ordenanzas fiscais.

De feito, segundo documentación que dispón o BNG, un particular reclamoulle a Viaqua estes cobros indebidos que lle foron reembolsados, polo que conseguiu 416,99 euros polos últimos dous anos, e agora ten pendente a devolución por parte do Concello de Santiago das anteriores anualidades, toda vez que a empresa concesionaria xa realizou a liquidación co ente municipal.

Por estes motivos, e para evitar unha avalancha de reclamacións, é necesario que esta bonificación sexa aplicada de xeito automático a todas as vivendas que teñan recollida de residuos en días laborábeis alternos, posto que dispoñen deste servizo a metade dos días.

Ademais, cómpre esclarecer se na liquidación que fan Viaqua e Urbaser anualmente co Concello de Santiago figuran eses descontos aplicados, pois é unha contía que supón máis de 200 euros anuais por cada vivenda do rural onde a recollida de residuos se realiza en días alternos.

Do mesmo xeito, nas ordenanzas 3.14, 3.15 e 3.16, nos artigos 7 b e 6 c da última delas, relativas á taxa polo saneamento e depuración de augas residuais, taxa pola subministración de auga e conservación de contadores e taxa por prestación do servizo e tratamento de residuos sólidos urbanos, figura a exención do pago para familias monoparentais até que o/a menor cumpra 3 anos de idade, unha medida que segue sen aplicarse pese a existir solicitudes rexistradas.

Cómpre lembrar que tamén se aprobou no Pleno, en decembro de 2019, a bonificación do 100% destes recibos ás mulleres embarazadas monoparentais e aos núcleos familiares monoparentais con fillos/as até os 21 anos, ás integradas en familias con risco de exclusión social, ás familias con fillos/as con discapacidade do 33% ou superior e ás que teñan incapacidade para traballar con independencia da súa idade. Tampouco se está a facer efectivo na actualidade.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

O Concello de Santiago aplicará, en colaboración coas empresas concesionarias que o xestionan, as bonificacións correspondentes nos recibos de residuos por recollida de días alternos e ás familias monoparentais e adoptará un procedemento áxil e sinxelo destinado a facilitar a devolución do cobrado de máis.”

A presente proposición presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular e con posterioridade o BNG presentou emenda de transacción onde se inclúe a emenda do

PP, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do BNG, de CA e do PP (2 BNG, 5 CA e 7 PP) e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello aplique de oficio os beneficios fiscais susceptibles de tramitarse consonte a tal réxime -en particular a bonificación a aqueles persoas contribuíntes que habiten en zonas en que a recollida de lixo se realice en días laborables alternos- e que adopte un procedemento áxil e sinxelo destinado a facilitar a devolución do cobrado de máis ou a tramitación dos beneficios rogados, de maneira relevante no caso das familias monoparentaise colectivos máis desfavorecidos.

## **5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A CONSTRUCCIÓN DA SENDA PEONIL PARA CONECTAR A AC-543 EN VIDÁN CON PAREDES DE LARAÑO.**

A proposición presentada con data 20 de maio do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Hai máis de cinco anos, en sesión do 9 de novembro de 2015, o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade unha proposición presentada polo Grupo Popular para a construción dunha senda peonil que unira o núcleo de Laraño coa estrada AC-543 Santiago-Noia, á altura de A Barcia-Vidán. Para ese fin, existía xa un proxecto redactado con anterioridade e unha partida habilitada nos remanentes do orzamento de 2014.

Tratábase de complementar a senda peonil que se ía iniciar daquela por parte da Xunta de Galicia na marxe da vía autonómica ata o concello de Ames, coa construción dun ramal duns 250 metros -coincidente coa rúa da Xunlla- que serviría para mellorar o acceso e a seguridade viaria á residencia de Aspas “Juan Vidán Torres”.

A pesar do tempo transcorrido, e dos recordatorios realizados publicamente ao longo do pasado mandato a obra quedou sen acometer, aínda que o Goberno manifestara en 2016 que xa tiña encargado un novo proxecto e que o incluíría como “obra prioritaria para a parroquia de Laraño nas vindeiras convocatorias de plans de obras”.

En lugar de avanzar nesa obra cualificada como prioritaria, o actual Goberno optou por levar adiante outro tramo distinto nesa mesma zona, encargando un novo proxecto -redactado e aprobado en setembro de 2019- para unha “senda peonil e reforzo de calzada en Paredes de Laraño”, obra que foi proposta para a súa inclusión na segunda fase do Plan Único de Concellos POS + adicional 1/2019 da Deputación da Coruña cuxo prazo para presentación de documentación remataba o 13 de setembro de 2019.

Esta senda en Paredes de Laraño, cunha lonxitude duns 500 metros entre a rúa da Xunlla e o centro sociocultural da parroquia, foi adxudicada o 16-11-2020 por un importe de 167.827 e un prazo de execución de catro meses. Na actualidade, as obras están próximas ao seu remate e nelas destácase o mantemento de varios postes na parte central da senda -como se pode apreciar nas fotografías anexas- que dificultan o tránsito peonil, incumprindo a actual normativa de accesibilidade, a pesar de que a

memoria do proxecto menciona explicitamente que se tivo en conta.

Como consecuencia da orde de prelación establecida polo Goberno, queda pendente a conexión desta senda coa estrada Santiago-Noia (AC-543) en A Barcia-Vidán, por onde discorre a senda executada pola Xunta, precisamente o tramo inicial que fora priorizado pola Corporación en pleno de forma unánime hai cinco anos e que hoxe continúa a ser tan necesario, ou máis se cabe, que daquela.

Para afrontar este tramo da senda desde a AC-543 faise preciso anhear o paso sobre o río Sar, para o que ao parecer o Concello está a traballar nun proxecto para ampliar a plataforma nese punto, e completar os algo máis de 250 metros para darlle continuidade a este itinerario peonil que iría ata o centro sociocultural e facilitaría o acceso ao centro asistencial de Aspas evitando un traxecto de evidente perigo para peóns e ciclistas pola ausencia de beiravías.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular presenta para a súa consideración o seguinte

### **ACORDO**

O Pleno insta ao correspondente órgano municipal a:

1.- Corrixir as deficiencias que para a accesibilidade representa a actual senda peonil que se está a construír no itinerario entre Paredes de Laraño e o centro sociocultural da parroquia.

2.- Redactar o proxecto e executar, conforme ás previsións orzamentarias, as obras para a creación da senda peonil que conecte a estrada AC-543, en A Barcia-Vidán coa senda xa construída ata Paredes de Laraño, incluíndo a ampliación da ponte sobre o río Sar e a accesibilidade ao centro asistencial da asociación Aspas na rúa da Xunlla.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano municipal a:

1. Corrixir as deficiencias que para a accesibilidade representa a actual senda peonil que se está a construír no itinerario entre Paredes de Laraño e o centro sociocultural da parroquia.

2. Redactar o proxecto e executar, conforme ás previsións orzamentarias, as obras para a creación da senda peonil que conecte a estrada AC-543, en A Barcia-Vidán coa senda xa construída ata Paredes de Laraño, incluíndo a ampliación da ponte sobre o río Sar e a accesibilidade ao centro asistencial da asociación Aspas na rúa da Xunlla.

### **6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA QUE A SOLUCIÓN PARA PARCELA DO VELLO COLEXIO PELETEIRO SEXA CONSENSUADA CO TECIDO SOCIAL DO ENSANCHE.**

Foi presentada con data 20 de maio do corrente ano, a proposición do epígrafe co seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxecto do acordo procura que a solución que finalmente se adopte para a parcela do vello colexio Peleteiro sexa consensuada co tecido social e asociativo do Ensanche

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

En abril do ano 2019, o Pleno da Corporación municipal debateu a aprobación inicial da modificación puntual do PXOM no ámbito do PERI-12, correspondente aos terreos do antigo colexio Manuel Peleteiro no Ensanche. A proposta pretendía substituír a idea do gran centro comercial planificado había máis dunha década na parcela por outros formatos máis respectuosos coa estrutura comercial tradicional do centro urbano. Apostábase por un volume edificado menos agresivo e máis integrado e coherente cos edificios xa existentes no contorno das rúas San Pedro de Mezonzo e Xeneral Pardiñas, e pola introdución da vivenda protexida en pleno centro da cidade. Tamén se contemplaba a creación dunha gran praza pública que permitiría usos múltiples sociocomunitarios, de lecer ou culturais, con abertura á rúa da República Arxentina, mantendo, polo tanto, a localización actual dos volumes construídos.

Naquel momento, o PSOE uniu os seus votos aos do PP para bloquear a proposta do goberno de Compostela Aberta e paralizar a necesaria dinamización do Ensanche, tumbando un proxecto que recuperaba espazo público e substituíu o gran centro comercial planificado na anterior etapa de Xosé Sánchez Bugallo como alcalde. Ese bloqueo significou que se perderan dous anos máis, como mínimo, para levar adiante un proxecto que xa acumulaba quince anos de demora. Foi un bloqueo, con tintes electoralistas, a unha proposta que estaba, ademais, consensuada co tecido veciñal e empresarial do Ensanche.

Transcorridos dous anos do actual mandato, o goberno local volve poñer sobre a mesa o mesmo plan para a parcela que antes cuestionaba o PSOE, incumprindo sobradamente o prazo que o propio alcalde se tiña automarcado, tras a súa toma de posesión, cando se comprometeu a ter unha solución de consenso para Peleteiro en tan só tres meses. Non se cumpriu a previsión do alcalde, aínda que en decembro de 2019 o goberno xa contaba cun informe que avalaba que a proposta que levara CA a Pleno era a mellor das posibles.

Dous anos despois, a proposta comunicada aos grupos municipais para o documento de avaliación ambiental e borrador mantén exactamente o mesmo reparto da edificabilidade, asúmese que a proposta de CA era a máis acaída, porque así o indica o informe que se lle contratou á consultora Gesvalt e polo que se pagaron máis de 14.000 euros de cartos públicos. Deste xeito, volvemos ao punto no que estabamos en 2018, cando o Concello remitiu á Xunta os cambios do PXOM no antigo Peleteiro para a súa avaliación ambiental. A única modificación que introduciu o actual goberno do PSOE foi a relativa á praza pública na que se vai converter o patio de Peleteiro, que agora se propón que estea orientada cara San Pedro de Mezonzo, mentres que en 2019 se contemplaba a súa abertura cara República Arxentina, respectando a configuración actual dos volumes edificados. Esta opción fora a elixida no pasado mandato porque era a proposta que concitaba un maior apoio entre o tecido veciñal e comercial do Ensanche. Pola contra, o PSOE propón agora unha única configuración para a praza, que xa fora avaliada no seu momento, pero que non conseguira o necesario consenso.

As demandas das entidades comerciais e veciñais en relación á praza pública que ocupará o patio do antigo colexio continúan vixentes. O asociacionismo do Ensanche vén de reiterar a súa aposta porque se manteña a configuración prevista en 2019, coa praza aberta cara a República Arxentina. Ademais, o propio tecido asociativo mantén o seu apoio á proposta de que o estacionamento que se acondicione na parcela do antigo colexio Peleteiro sexa público e de xestión directa a través de Tussa, nun modelo similar ao do aparcamento de Xoán XXIII que permite que o Concello fixe os seus prezos libremente, fronte a un novo estacionamento en réxime de concesión. Ademais, tal e como estaba previsto e acordado, o tecido asociativo do Ensanche tamén se mostrou moi favorable a que se manteña a previsión de incorporar un centro de día no Peleteiro para atender con calidade e proximidade á poboación maior que reside nun dos barrios mais envellecidos de toda a cidade e con maior demanda deste tipo de equipamentos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Consensuar na Comisión especial de Peleteiro, con todo o tecido social, veciñal, comercial e empresarial nela representado, o futuro plan para a proposta da parcela do vello Peleteiro.
2. Manter na proposta a previsión e reserva de espazo para a construción dun centro de día para persoas maiores que lle dea servizo ao barrio.
3. Manter a proposta de abertura da gran praza, cara a rúa da República Arxentina, tal e como estaba consensuado e acordado anteriormente coa veciñanza e tecido comercial do ámbito.
4. Elaborar un plan para avaliar a posibilidade real de construción dun aparcamento público de xestión directa que lle permita ao Concello ter capacidade de actuación sobre a oferta privada existente na zona.”

Á anterior presente proposición presentaron emendas os grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, que non foron aceptadas polo grupo municipal autor da proposición.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 5 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do PP e do BNG (9 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Consensuar na Comisión especial de Peleteiro, con todo o tecido social, veciñal, comercial e empresarial nela representado, o futuro plan para a proposta da parcela do vello Peleteiro.
2. Manter na proposta a previsión e reserva de espazo para a construción dun centro de día para persoas maiores que lle dea servizo ao barrio.

3. Manter a proposta de abertura da gran praza, cara a rúa da República Arxentina, tal e como estaba consensuado e acordado anteriormente coa veciñanza e tecido comercial do ámbito.

4. Elaborar un plan para avaliar a posibilidade real de construción dun aparcamento público de xestión directa que lle permita ao Concello ter capacidade de actuación sobre a oferta privada existente na zona.

#### **7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CREACIÓN DO BORRADOR TRIBUTARIO DA CIDADANÍA E O PAGAMENTO A PRAZOS DOS TRIBUTOS.**

A presente proposición foi retirada no transcurso da sesión plenaria.

#### **8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O ACONDICIONAMENTO DO PARQUE CARLOMAGNO CON NOVOS PERCORRIDOS QUE PERMITAN UN MELLOR APROVEITAMENTO DESTA ZONA VERDE.**

A presente proposición foi presentada con data 20 de maio do corrente ano:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para o acondicionamento do Parque de Carlomagno con novos percorridos que permitan un mellor aproveitamento desta zona verde.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Parque de Carlomagno, tamén coñecido como Monte de San Lázaro ou Alto da Canteira, é un enclave singular que se eleva a 326 metros sobre o nivel do mar e desde o que se contempla o barrio das Fontiñas e a retícula da cidade de Santiago de Compostela.

Este parque conta cunha escaleira para o tránsito de subida e baixada, para salvar as fortes pendentes, desde a que sae unha zona chaira para pasear flanqueada por chopos negros ou lamigueiros (*Populus nigra*) na zona superior e por falsas acacias do Xapón (*Sophora japonica*) na inferior. Se xa era un lugar frecuentado pola veciñanza das Fontiñas con anterioridade á pandemia da covid-19, na actualidade require unha adecuación para o mellor aproveitamento desta zona verde.

De feito, veciñanza das Fontiñas trasladou a proposta de realizar unha nova ordenación da aba deste monte, cunha configuración en socalcos, que permita crear novos espazos distribuídos en circuitos destinados a pasear e correr co obxectivo de tirar maior rendemento a este parque de acordo coas necesidades actuais derivadas do crecemento da poboación e dos novos hábitos após o confinamento.

Isto debe ir acompañado da instalación e mantemento de novas fontes, bancos para descansar e espazos de sombra, co fin de gañar utilidade e de tirar mellor proveito do pronunciado desnivel desta zona verde, para que poida ser espazo de encontro para xente de todas as idades. Así, cada liña disporá de visión en formato panorámico sobre a paisaxe urbana e serán moitas máis as persoas que poidan gozar este emprazamento con maior amplitude de espazo, con percorridos en forma de circuitos

sobre este outeiro e sen formaren aglomeracións.

Con esta actuación pode ser tamén o momento de unir este parque de Carlomagno co estadio de San Lázaro, para facilitar o tránsito a pé destes dous enclaves e gañar novas zonas de paseo.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

O Concello de Santiago realizará unha intervención no Parque de Carlomagno, con novos percorridos en socalcos que permitan un mellor aproveitamento desta zona verde.”

Á esta proposición presentou emenda o grupo municipal do PP e posteriormente o BNG, a primeira non foi aceptada e a segunda foi retirada, xa que logo o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (7 PP e 9 PSdeG-PSOE), acorda que o concello realice unha intervención no Parque de Carlomagno, con novos percorridos en socalcos que permitan un mellor aproveitamento desta zona verde.

Faise un descanso das 11:50 ás 12:06 horas.

### **9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA GARANTIR O COMPROMISO COA REINDUSTRIALIZACIÓN DE SANTIAGO E O PROXECTO DO POLO DE INNOVACIÓN DE BIOTECNOLOXÍA NA SIONLLA.**

Con data 20 de maio do corrente ano, foi presentada a proposición que de seguido se transcribe:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxecto do acordo é axilizar e ofrecer as suficientes garantías municipais para que o futuro proxecto do polo de innovación en Biotecnoloxía na Sionlla sexa unha realidade.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A estratexia de reindustrialización de Santiago de Compostela é fundamental para non vincular a bases económicas da cidade exclusivamente ao modelo turístico do Xacobeo porque é insuficiente e irregular. Un feito que xa era sabido de antes mais que se ten evidenciado aínda máis neste ano longo que levamos de pandemia. Diante a este modelo, a industria ofrece un emprego de maior calidade e estabilidade ao tempo que favorece mais a fixación de poboación.

Neste sentido, os últimos datos económicos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) deixan moi claro a dependencia da nosa economía do sector servizos. De feito, en Santiago a industria tan só representa un 7,3% da economía, un dato que contrasta cos das cidades de Vigo e Coruña onde alcanza un peso do 17,7% e o 13,35%, respectivamente.

Desde principios do ano 2017, no mandato anterior, o Concello de Santiago asinou un acordo de colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Universidade de Santiago, a Cámara de Comercio e a asociación Área Empresarial do Tambre (AET) para impulsar a reindustrialización empresarial, a promoción do asentamento de empresas e a captación de proxectos de investimento para Compostela.

Con esta estratexia conxunta, polo tanto, procurábase facilitar o asentamento de empresas e a captación empresarial na zona norte da cidade, en concreto nos ámbitos dos Polígonos do Tambre, Costa Vella, e o da Sionlla. Construindo un espazo de consenso e colaboración que implicaba a distintos sectores da cidade para crear importantes sinerxias entre a Universidade de Santiago, que aportaba o seu coñecemento, a Cámara de Comercio e a Área Empresarial do Tambre, que aportaban a súa experiencia empresarial, e as administracións locais e galega implicadas, que se comprometían a axilizar as tramitacións e a adoptar as medidas que lles sexan posibles para lograr os obxectivos fixados.

Dese acordo naceu a actual Mesa de traballo integrada por cada unha das entidades asinantes, que se encargou de propor e desenvolver accións dirixidas á reindustrialización de Compostela. Colocando o seu foco en novos sectores emerxentes e cun gran potencial, en Santiago, como os relacionados coa biotecnoloxía e coa transformación da madeira. É a partir deste traballo que naceu o 'acordo da Sionlla' que permitiu impulsar o proxecto do polo de innovación en Biotecnoloxía, no que tamén está implicada BIOGA, o clúster tecnolóxico empresarial das ciencias da vida.

Para desenvolver o proxecto, o Concello de Santiago acordou ceder unha parcela municipal no polígono da Sionlla, a través de Uninova. Ao tempo que, o goberno galego aprobou unha achega de máis de 4 millóns de euros, procedentes da convocatoria de Centros de Fabricación Avanzada (IGAPE), para a construción da infraestrutura na que se albergará o polo biotecnolóxico.

Pasados dous anos de mandato municipal, por parte da AET os deberes están feitos, con un anteprojecto, para a construción do novo edificio, redactado cos fondos conseguidos e á espera de que o Concello de Santiago sexa proactivo tanto na súa nova participación en Uninova como na resolución da cesión da parcela. De feito, talvez existe unha importante carencia do necesario impulso político para conseguir ser máis áxiles des a institución local, boa mostra disto foi a demora de varios meses para algo tan simple como regularizar as escrituras de Uninova recollendo o novo equilibrio de participacións entre Concello e Universidade.

Esta lentitude e falta de impulso está a pór en risco o propio proxecto xa que a subvención concedida polo IGAPE ten que estar justificada en xuño de 2022, o que significa que nese mes o polo deberá estar en funcionamento. A tan só 13 meses desa data, e tendo en conta que a parcela aínda non está cedida, que aínda non se puido acceder a ela para poder redactar o proxecto construtivo final, que hai que preparar o terreno e que finalmente hai que construír un edificio que necesitará un prazo duns 10-12 meses de execución, semella un cronograma demasiado xusto para ofrecer as suficientes garantías de éxito.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración

do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Garantir o compromiso municipal coa estratexia de reindustrialización da cidade, impulsada desde o 2017 e concretizada, na actualidade, no proxecto do polo biotecnolóxico da Sionlla.
2. Axilizar todos os prazos e tarefas municipais pendentes para cumprir cos prazos administrativos de xustificación da subvención de 4 millóns de euros concedida a este proxecto.
3. Buscar os mecanismos axeitados para que o Concello ofrezca as garantías necesarias para que no caso de que o retraso na acción municipal implique un incumprimento dos prazos legais, anteriormente mencionados, isto non perxudique ou repercuta negativamente en Biotech Sionlla."

Presentaron emendas a anterior proposición os grupos municipais do BNG e do PP, que non foron aceptadas.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de CA, do BNG e do PP (5 CA, 2 BNG e 7 PP), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Garantir o compromiso municipal coa estratexia de reindustrialización da cidade, impulsada desde o 2017 e concretizada, na actualidade, no proxecto do polo biotecnolóxico da Sionlla.
2. Axilizar todos os prazos e tarefas municipais pendentes para cumprir cos prazos administrativos de xustificación da subvención de 4 millóns de euros concedida a este proxecto.
3. Buscar os mecanismos axeitados para que o concello ofrezca as garantías necesarias para que no caso de que o retraso na acción municipal implique un incumprimento dos prazos legais, anteriormente mencionados, isto non perxudique ou repercuta negativamente en Biotech Sionlla.

## **10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE FUNCÍONS.**

Dáse conta de resolucións da alcaldía dos días 18 e 21 de maio, delegando as funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, Dona Mercedes Rosón Ferreiro, os días 19, 20, 24 e 26 de maio do corrente ano.

## **11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas ditadas no período comprendido entre o día 16 de abril e o 20 de maio de 2021, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da contas das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Sesión ordinaria 15/03/21.  
Sesión ordinaria 22/03/21.  
Sesión ordinaria 29/03/21.  
Sesión ordinaria 05/04/21.  
Sesión extraordinaria urxente 09/04/21.  
Sesión ordinaria 12/04/21.  
Sesión extraordinaria urxente 16/04/21.  
Sesión ordinaria 19/04/21.  
Sesión ordinaria 26/04/21.  
Sesión extraordinaria e urxente 30/04/21.  
Sesión ordinaria 03/05/21

## **12. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.**

### **Interpelación:**

1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o desmantelamento do servizo de conciliación.

### **Rogos:**

- 1.- Presentado polo grupo municipal de CA sobre o centro xove da Almaciga.
- 2.- Presentado polo grupo municipal de CA para o arranxo da pista da Pontecova.
- 3.- Presentado polo grupo municipal do BNG mellora seguranza viaria na Almaciga.
- 4.- Presentado polo grupo municipal do BNG para instalar placas de lembranza vítimas represión franquista.
- 5.- Presentado polo grupo municipal de CA sobre a rúa Pablo Leis.
- 6.- Presentado polo grupo municipal do PP sobre parque infantil en Pontepedriña.
- 7.- Presentado polo grupo municipal do PP sobre aglomeracións actos do concello.
- 8.- Presentado polo grupo municipal do PP mellora da rúa de San Clemente.

### **Preguntas resposta oral:**

- 1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o servizo de asesoramento, orientación laboral e apoio LGBTI.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a seguridade vial do parque infantil en Mestra Victoria Miguez.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do BNG apertura do Panteón de Galegos Ilustres.
- 5.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a policía de barrio.
- 6.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o parque de Angrois.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre beirarrúa no Polígono do Tambre.
- 8.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre centros socioculturais.
- 9.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a escola de música.

### **Preguntas resposta escrita:**

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP, sobre títulos, honras e condecoracións.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP, asistencia a competicións deportivas.
- 3.- Presentada polo grupo municipal de CA, sobre listas de agarda axuda no fogar.

- 4.- Presentada polo grupo municipal do PP, sobre adscrición de vehículo á concesionaria do servizo de limpeza.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do PP, sobre licenzas.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG, sobre instalación de paneis.

Despois de tratar os rogos faise un receso cando son as 13:55 horas e reanúdase a sesión ás 16:00 horas, á que se incorporan todos os concelleiros/as asistentes á sesión.

O señor interventor xa non se incorpora ao resto da sesión.

### **13. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.**

As mocións presentadas polos grupos municipais do BNG e de CA, relativas as peaxes nas autovías galegas e ao proxecto da cidade da raqueta foron substituídas por mocións conxuntas dos catro grupos políticos municipais.

As mocións presentadas e tratadas teñen o seguinte contido:

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A CREAMENTO DUNHA ESCOLA PARA PERSOAS MAIORES NA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Segundo os datos do padrón de habitantes, recollidos no IGE para o ano 2020, en Santiago de Compostela viven 21.846 persoas maiores de 65 anos, 8.846 homes e 13.000 mulleres. Cun índice de envellecemento do 129,95, a tendencia indica que as cifras anteriores aumentarán co paso do tempo o que implicará un aumento da demanda de atención sanitaria e social. A crise sanitaria da Covid obríganos a dar solucións urxentes ás necesidades dos coidados dos nosos maiores. A pandemia evidenciou unha realidade tremenda: a soidade non desexada provoca illamento social, aminora o benestar e a saúde individual, e incide no aumento da mortalidade. Dende o Grupo Municipal de Compostela Aberta queremos favorecer políticas públicas comprometidas coas persoas que cohesionen a comunidade, incrementen o capital social e melloren a saúde física, psicolóxica e emocional das persoas maiores de Santiago de Compostela.

Queremos mellorar o estado de saúde e o acceso á educación continua das persoas maiores de 60 anos polo que traemos a debate plenario a proposta de deseñar unha escola de maiores á que acheguen de forma transversal recursos de distintos departamentos de áreas diversas como servizos sociais, servizos socioculturais e a acción cultural. Poñer en funcionamento recursos de diferentes áreas municipais a través dunha acción conxunta provocará a mellora da calidade nos procesos de intervención e incrementará a calidade e diversidade de actividades que podemos ofertar ás persoas maiores nos infrautilizados equipamentos da Rede de Centros Socioculturais.

Tendo en conta o regulamento de Centros Socioculturais do Concello de Santiago, nomeadamente os artigos 1 e 2, consideramos acaída a implantación e o desenvolvemento desta proposta que aumentaría a calidade de vida das persoas maiores participantes. O proceso debería introducirse simultaneamente buscando un impacto extendido en todo o municipio, incluíndo as parroquias rurais co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos maiores no conxunto do termo municipal.

A posta en marcha dunha Escola de Maiores favorecería ó acceso á educación continua e á cultura das persoas maiores en todo o termo municipal e multiplicaría as posibilidades de incorporar á súa vida cotiá coñecementos sobre recursos, seguridade e hábitos de saúde, ademáis de afortalar o soporte social, incrementando os contactos e as relacións entre as persoas participantes.

En por iso, e tendo en conta novas posibilidades derivadas de políticas públicas que favorezan o benestar dos maiores no termo da cidade aínda en contexto pandémico, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

#### **ACORDO:**

Instar ao correspondente órgano de goberno á creación dunha Escola de Maiores que desenvolva unha programación educativa de calidade expandida a través dos centros e locais pertencentes á Rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago, prestando especial atención ao deseño formativo en temática de saúde.

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA GARANTIR O USO COMPARTIDO DO EDIFICIO MULTIUSOS DA LAVACOLLA ENTRE A VECIÑANZA DA PARROQUIA E A COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP RODRÍGUEZ XIXIREI**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O 16 de novembro de 2018, A Xunta de Goberno do Concello de Santiago aprobou o proxecto básico e de execución do edificio multiusos de Lavacolla, así como a apertura do procedemento de adxudicación desta actuación, orzada en 258.119 euros máis IVE con cargo ao POS 2018 da Deputación da Coruña. Para a súa construción destinouse unha parcela de propiedade municipal, cualificada urbanísticamente dentro do Plan director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés, coa consideración de equipamento docente.

A actuación foi deseñada co obxectivo de atender unha vella demanda da parroquia de Lavacolla, dotando dun espazo de ocio e lecer que puidera ser usado pola comunidade educativa do CEIP Rodríguez Xixirei durante o horario escolar, e pola veciñanza en horas non lectivas. De feito, así se recolle no propio proxecto:

“Se recibe por parte del Concello de Santiago el encargo de redacción del proyecto de ejecución de un nuevo edificio, en el terreno del CEIP. Este nuevo edificio no sólo estará dedicada a las actividades propias de un pabellón o patio cubierto de colegio

sino que tamén dará servizo a la comunidade como espazo diáfano para actividades de difícil realización en outros equipamentos.”

E tamén:

*Las actividades que se realizarán en su interior serán las propias de un pabellón polideportivo de colegio, un patio cubierto o una sala de usos múltiples para la vecindad, todo posibilitado por la configuración del espacio, totalmente diáfano.*

As obras finalizaron a mediados do ano 2020 e en outubro, hai xa sete meses, o alcalde comprometeuse a abrir o centro de usos múltiples nese mesmo mes. En decembro, o concelleiro de Educación aseguraba no Pleno que o atraso na apertura do edificio respondía a que o Concello estaba pendente de recibir da Xunta un informe de Patrimonio para a instalación dos subministros de saneamento e de electricidade, informe que, como despois se soubo, foi solicitado con posterioridade a ese Pleno, no propio mes de decembro de 2020, máis de medio ano despois do remate das obras.

En febreiro de 2021, e coa situación do centro multiusos aínda sen resolverse, o grupo municipal de Compostela Aberta solicitou por escrito diferente información relativa ao pavillón vinculado ao CEIP Rodríguez Xixirei, que a día de hoxe -tres meses despois- aínda non foi facilitada.

O pasado 2 de maio, o concelleiro de Educación asegurou, en declaracións ao xornal El Correo Gallego, que *“o pavillón multiusos estará listo para usar antes de que finalice o curso escolar”*. Rubén Prol sinalou tamén que *“tal e como solicitara o Concello, a Xunta está disposta a aceptar o uso educativo do multiusos, ademais doutro espazo do colexio. No caso de que o Executivo galego dea o seu visto bo tamén se procedería a valar toda esa zona”*.

As declaracións do concelleiro causaron sorpresa e preocupación na Lavacolla, primeiro porque non foron precedidas por ningún contacto de Rubén Prol coa veciñanza nin coa ANPA do CEIP Rodríguez Xixirei, e segundo porque suporían modificar sustancialmente os obxectivos para os que foi deseñado o edificio multiusos. A cesión do pavillón á Xunta para usos exclusivamente educativos podería impedir, na práctica, que non puidera ser usado polos veciños e veciñas da parroquia fóra do horario lectivo, tal e como estaba acordado. A maiores, descoñécense os plans do Goberno local e da Xunta en relación ao acondicionamento dun espazo de estacionamento contiguo ao edificio, unha demanda da veciñanza que tamén estaba prevista no pasado mandato, ao igual que a cesión da pista deportiva por parte do colexio para que a veciñanza a puidera utilizar fóra do horario lectivo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

#### **ACORDO:**

O Pleno do Concello de Santiago mantén o compromiso municipal para que o edificio multiusos de Lavacolla teña uns usos compartidos entre a comunidade educativa do CEIP Rodríguez Xixirei e a veciñanza da parroquia da Sabugueira, tal e como foi acordado e planificado con ambos colectivos, no anterior mandato municipal.

Instar ao Goberno municipal e á Xunta de Galicia a asinar un convenio que regule o

recollido no punto anterior e que contemple tamén o uso das pistas deportivas do colexio por parte da veciñanza fóra do horario lectivo, garantindo que o edificio multiusos de Lavacolla quede posto a disposición da veciñanza e da comunidade educativa no prazo máis breve posible.

Instar ao Goberno municipal e á Xunta de Galicia a que se constrúa e habilite un espazo de estacionamento contiguo ao edificio de multiusos, tal e como estaba previsto inicialmente polas dúas administracións.

### **MOCIÓN PARA ACTIVAR O PROTOCOLO DE PROTECCIÓN CONTRA AS VIOLENCIAS DE XÉNERO E EVITAR A REVITIMIZACIÓN**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a activar o protocolo de protección das vítimas de violencia de xénero e a incrementar a coordinación política, xudicial e das forzas e corpos de seguridade para evitar a revitimización.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Concello de Santiago e o Ministerio do Interior asinaron un convenio, publicado no Boletín Oficial do Estado con data 23 de outubro de 2020, para a cooperación económica, técnica e administrativa ante a gravidade e persistencia de infraccións penais cometidas no ámbito familiar e, máis concretamente, no das violencia de xénero a través dunha adecuada coordinación das actuacións entre a Administración Xeral do Estado e das Entidades Locais, co fin de previr e evitar riscos de novas agresións.

Neste contexto, sinala o convenio, resulta fundamental dispor dun rexistro coa información que permita realizar un seguimento individualizado das circunstancias destas vítimas e da evolución do risco en que se encontren. Así, aprobouse a creación dunha base de datos común para as Forzas e Corpos de Seguridade que permita ter coñecemento permanente das circunstancias das vítimas para realizar unha valoración de risco obxectivo de sufrir novas agresións e adoptar as medidas de protección adecuadas.

Deste xeito, o Ministerio do Interior desenvolveu unha aplicación informática que dá soporte ao “Sistema de Seguimento Integral dos casos de Violencia de Xénero” e que constitúe un instrumento básico para integrar a información policial, xudicial e penitenciaria sobre este fenómeno e as súas circunstancias, para posibilitar e garantir o necesario seguimento e coordinación das actuacións postas en marcha para a protección das vítimas, ademais de realizar a valoración do nivel de risco de novas agresións, para graduar as respostas e as medidas policiais de protección, xunto con proporcionar esta información aos diversos operadores que interveñen na protección institucional.

Debido a que a protección policial ás vítimas corresponde a todas as forzas e corpos de seguridade no ámbito das súas competencias, a integración do sistema require a incorporación ao mesmo de todas elas.

Por outra parte, na constitución da Mesa local de Coordinación interinstitucional fronte ás violencia de xénero do Concello de Santiago de Compostela, de 1 de xuño de

2017, especificouse que entre as súas funcións estaba identificar situacións de posíbel descoordinación entre os distintos ámbitos e realizar propostas de mellora. Entre os obxectivos específicos destacábase optimizar a coordinación dos axentes implicados na loita contra as violencias de xénero, ofrecerlles unha atención e unha resposta áxil ás vítimas, mellorar a protección daqueles que presenten alto risco e informar e sensibilizar na materia tanto a profesionais como a poboación en xeral.

Ademais, aprobouse que esta Mesa local de Coordinación contra as Violencias de Xénero do Concello de Santiago de Compostela se reúna de xeito ordinario cunha periodicidade semestral e, de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia, sempre que a situación o requira.

Ademais, o Concello está adherido ao protocolo de actuación sobre delitos sexuais do Partido Xudicial de Santiago de Compostela desde febreiro de 2020, destinado á protección das vítimas de violencias de xénero e a incrementar a coordinación política, xudicial e das forzas e corpos de seguridade para evitar a revitimización.

As entidades públicas e administracións participantes na redacción do protocolo a través das e dos profesionais designadas e designados ao efecto son o Xulgado de Instrución número 1 de Santiago de Compostela, médicos/as forenses da Dirección territorial de Santiago, Fiscalía de Santiago de Compostela, Sergas, Imelga, Secretaría xeral de Igualdade da Xunta de Galiza, CNP, Garda civil, Colexio de Avogados/as de Santiago de Compostela, Concello de Teo, Concello de Boqueixón e Concello de Santiago (Policía local e Servizo da área de Acción Social).

Neste protocolo búscase que a declaración da vítima sexa unha única, fundamentalmente que se faga nos xulgados, gravada e co acompañamento xurídico e psicolóxico debidos, para que sirva para as distintas instancias; e isto pode axudar a combater a revitimización das mulleres.

Deste xeito, é necesario activar o protocolo de protección das vítimas de violencias de xénero e incrementar a coordinación política, xudicial e dos corpos e forzas de seguridade para compartir as bases de datos entre todos os tramos co obxectivo de evitar a revitimización ou vitimización secundaria das persoas que sufriron agresións, posto que cada vez que prestan declaración se produce un sufrimento engadido, por parte de institucións e profesionais, ao reviviren a experiencia traumática denunciada. Isto serve tamén para contribuír a garantir o respecto á intimidade e os dereitos da infancia en caso de abusos sexuais.

Cómpre recordar que desde que comeza o procedemento legal até que pecha, transcorren unha media de 3 anos e, nalgúns casos, chega a estenderse até 5 anos, co que as vítimas sofren unha e outra vez estas vivencias negativas que causan danos psicolóxicos e emocionais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## **ACORDO**

O Concello de Santiago, a través da convocatoria da Mesa local de Coordinación contra as violencias de xénero, instará as forzas e corpos de seguridade e os organismos do ámbito xudicial que correspondan, a aplicaren o disposto no convenio

subscrito entre o Ministerio de Interior e o propio Concello de Santiago de Compostela para activar a aplicación informática que dá soporte ao “Sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero”, cunha base de datos común e compartida, por parte de todos os axentes participantes co obxectivo de evitar as duplicidades do procedemento e a revitimización das mulleres e crianzas agredidas.

### **MOCIÓN EN DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTÁBEL, XUSTO E GALEGO FRONTE AO ESPOLIO E A DEPRDACIÓN**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusto e galego fronte ao espolio e a depredación.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Galiza sofre hoxe un boom eólico sen precedentes. As grandes empresas do oligopolio eléctrico e os gobernos da Xunta e do Estado están a aproveitar a necesidade de desenvolver unha transición enerxética que abandone enerxías fósiles para repetir a historia: facer que Galiza sexa unha gran produtora de enerxía sen capacidade decisión, cun modelo espoliador e depredador deseñado ás nosas costas e ao servizo das grandes empresas, sen participación social e sen garantías de protección medioambiental nin de que o beneficio económico obtido sexa empregado para reverter na xeración de riqueza no noso país.

Nos mapas da Xunta e do Ministerio de Transición Ecolóxica figuran rexistrados 21 proxectos eólicos na área de Compostela -concretamente nas comarcas de Ordes, Xallas, Barcala e Sar- emprazamentos onde está a xurdir oposición social pola afectación hidrolóxica, arqueolóxica e de impacto ambiental, urbano e paisaxístico dos máis de 200 aeroxeradores previstos.

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do “verde” asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e agora tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar ao favorecer un modelo depredador. É necesario apostar polas enerxías renovábeis, pero hai que ter en conta que non por ser renovábeis son inocuas e que tamén deben avaliarse os seus impactos.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como “lei de depredación” (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de

Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Ademais, isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelamento industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociacións veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética.

Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega. Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusto e galega fronte ao espolio e a depredación.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## **ACORDO**

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulador do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.

2. Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.

3. Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias.

Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

4. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:

a) Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.

b) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

5. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

### **MOCIÓN PARA PARTICIPAR NO PROXECTO SOLIDARIO DE VACINACIÓN CONTRA A COVID EN CUBA**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción -a proposta da Asociación de Amizade galego-cubana Francisco Villamil e da organización de Solidariedade para o desenvolvemento e a paz (SODEPAz)- para que o Concello de Santiago de Compostela participe no proxecto solidario de vacinación contra a covid en Cuba, ademais de mostrar o apoio ao levantamento do bloqueo político, económico, comercial e financeiro que o

Goberno dos Estados Unidos de América mantén contra este país.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Xa pasou moito tempo desde que o ex-presidente dos Estados Unidos Barack Obama cualificase o bloqueo contra Cuba de obsoleto, ancorado no pasado, unha peza da Guerra Fría, e recoñecese que non ten funcionado para os obxectivos históricos de Estados Unidos.

Malia os avances das relacións entre Cuba e Estados Unidos durante o goberno Obama, practicamente todos estiveron rotos polo goberno de Trump. Alén disto, empeorou a política de bloqueo a Cuba no seu mandato, mesmo retirando o seu persoal diplomático de La Habana, agregando con isto unha gran dificultade a cidadáns e cidadás de Cuba, que teñen que viaxar antes a outro país para pedir o visado de entrada en EEUU para poder visitar as súas familias.

Tamén, máis unha vez, Estados Unidos puxo a Cuba na súa lista de Países Patrocinadores do Terrorismo e, neste tempo de pandemia, desatou unha fortísima campaña de desprestixio e persecución das Brigadas Médicas Cubanas coas que, en convenio coa Organización Panamericana da Saúde —un órgano da ONU—, Cuba continúa colaborando con numerosos países pobres que o soliciten, así como en Italia e Andorra.

Co goberno de Biden, que xa dixo que «revisar a política de Trump cara a Cuba non é unha prioridade», o bloqueo mantense, con máis de 240 medidas contra Cuba tomadas por Trump e prexudicando así a calidade de vida dos cubanos e as cubanas.

Proximamente, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas volverá votar a "necesidade de poñer fin ao bloqueo económico, comercial e financeiro imposto polos Estados Unidos de América contra Cuba". En todas as ocasións -ano tras ano e desde o 1992-, o bloqueo foi condenado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e na última, o ano 2019, a votación contra o bloqueo a Cuba obtivo 187 votos a favor, practicamente a unanimidade da cámara (ver anexo 1). E como sucedeu en numerosas ocasións, só Estados Unidos e Israel votaron en contra, sumándose en 2019 por primeira vez o Brasil de Bolsonaro que, ao chegar ao goberno e seguindo a política de Trump, rompeu o convenio que o seu país tiña con Cuba e a Organización Panamericana da Saúde, provocando que milleiros de médicos/as e técnicos/as sanitarios/as cubanos/as que ofrecían os seus servizos á poboación máis desfavorecida, sobre todo na Amazonía (onde hoxe se producen a maior cantidade de contaxios e mortes por coronavirus por falta de atención médica) víranse obrigados a deixar Brasil e pacientes.

A vontade dos acordos cubano-norteamericanos deben fortalecer a convivencia entre os dous países soberanos e veciños, facilitar os movementos de persoas e da economía, ao tempo que debe afondar nas garantías dos DD.HH. en ambos os países. Estes acordos son froito da vontade de dous países e dous pobos, o que non debe ser alterado nin obstaculizado polas administracións de novos presidentes / as e equipos.

Calcúlase que desde abril de 2019 até marzo de 2020, o bloqueo causou perdas a Cuba de arredor dos 5.570,3 millóns de dólares. Isto representa un incremento de arredor de 1.226 millóns de dólares con respecto ao período anterior. Por primeira vez,

o importe total das afectacións ocasionadas por esta política nun ano superou a barreira dos 5.000 millóns de dólares, o que ilustra até que punto se intensificou o bloqueo nesta etapa. Durante os meses da pandemia os efectos desta política recuou cara niveis sen precedentes, de aí que o 2020 fose o ano de maior afectación, pola repercusión que as medidas tiveron no combate contra a COVID-19.

Fontes oficiais xa estimaban que só de abril a decembro do 2020 as perdas do sector sanitario estiveron en torno os 198.348.000 dólares, cifra que representa 38.087.120 máis en comparación co reportado no período anterior e no ámbito da alimentación e da agricultura contabilizáronse danos por 428 millóns de dólares neste ano previo á eclosión da pandemia.

De feito, Cuba está a enfrontar 'dificultades descomunais' á hora de obter equipamento e materias primas para a produción de medicamentos contra o SARS-CoV-2. Doazóns e compras no exterior non puideron materializarse debido ás sancións que forman parte do bloqueo.

Outras mostras de agresividade son acompañadas contra a cooperación médica cubana, os impedimentos para renovar licenzas de compañías, a redución extrema do transporte aéreo e o ataque ás remesas.

A compañía norteamericana Western Union cesou a entrega de remesas en Cuba a causa das medidas unilaterais do Goberno dos Estados Unidos para impedir esa actividade na illa.

Aínda así, segundo as cifras de SODEPAz, a covid-19 tivo un impacto limitado comparado con outros países sobre a saúde pero unha repercusión moi grande sobre a economía. Desde marzo 2020 hasta abril 2021, contabilizáronse 94.571 casos, dos que 89.073 persoas foron curadas e 531 faleceron, o que representa 46,32 mortes por millón habitantes.

O embargo norteamericano e a falta de divisas afecta á dispoñibilidade de equipos e insumos desde que Cuba empezou a ser afectada polo COVID 19.

O primeiro impacto foi sobre a posibilidade de importar respiradores ou pezas de repostos para os existentes, debido á prohibición de EEUU no uso de equipos que tivesen as súas patentes; como consecuencia traballouse no deseño e fabricación de ventiladores pulmonares polo Centro de Neurociencia (Cneuro).

As xiringas son fabricadas polas firmas norteamericanas Becton Dickinson y Cardinal Health, a alemá B Braun e a danesa Novo Nordisk. Cuba non pode adquirir as xiringas fabricadas por empresas norteamericanas.

Nese camiño hai un fito importante, envasar a vacina nun vial farmacéutico clásico, o pequeno frasco do que se extrae para inxectala. Igual que se necesita ter vacinas para todos/as, hai que ter viais para todas esas vacinas, ademais de xiringas. A industria espera unha demanda de mil millóns de unidades segundo o fabricante alemán Schott para unha primeira vaga de vacinacións.

A cadea de produción, até que unha vacina está lista para ser inxectada, é longa e complexa. E global, porque involucra varios países. Vacinas como a de AstraZeneca, por exemplo, depende de 15 países; a de Novavax, de 10; na de Moderna están

implicados EE.UU., Suíza, Suecia e España. O recheo e acabado das doses destinadas fóra dos EE.UU. faise nos laboratorios Rovi en Madrid, por exemplo. A cadea de Pfizer, porén, centralízase máis en EE.UU.

Así, os países que poden producilas están bloqueando a súa exportación. É o caso dos EE.UU, que está recorrendo á Lei de Produción da Defensa para bloquear este e moitos outros produtos imprescindíbeis para fabricar as vacinas contra a covid-19.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1.- O Concello de Santiago participará na campaña de solidariedade internacional promovida por Solidariedade para o Desenvolvemento e a Paz (SODEPAz) destinada á adquisición de xiringas para vacinación contra a covid-19 do ensaio de intervención comunitario da cidade de La Habana.

2.- O Concello de Santiago mostrará o apoio ao levantamento do bloqueo político, económico, comercial e financeiro que o Goberno dos Estados Unidos de América mantén contra Cuba e maniféstase a favor dunhas relacións baseadas no respecto á legalidade internacional, a paz, a soberanía nacional, a liberdade e a cooperación entre ambos os estados.

3.- O Concello de Santiago fará chegar ao Goberno da Xunta de Galiza e ao Goberno de España a necesidade de que nas súas relacións coas Institucións dos Estados Unidos de América expresen a condena polo mantemento do bloqueo político, económico, comercial e financeiro a Cuba, así como os anime a derrogar, o antes posíbel, as leis Helms Burton e Torricelli.

4.- O Concello de Santiago entregará esta resolución a todas as Asociacións de Municipios Galegos, na Comarca de Santiago de Compostela, a Deputación da Coruña, a Xunta de Galiza e os consulados de Cuba e Estados Unidos emprazados en Galiza, así como tamén ás embaixadas de Cuba e Estados Unidos en Madrid.

### **MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES DE PROTECCION E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO RUPESTRE**

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Pronto se van cumprir cinco anos desde que a Corporación Municipal aprobara por unanimidade en setembro de 2016 unha proposición do Grupo Popular para o impulso do Centro de Interpretación de Vilvestro (que fora concibido e dotado entre os anos 2014-2015 na rehabilitada escola local) e a catalogación e promoción do Patrimonio Rupestre. O acordo adoptado daquela instaba, en resumidas contas, ao Goberno local a facer un inventario sobre os petróglifos existentes no concello, a súa declaración e catalogación para incluílos como bens de interese cultural e poñer en marcha un conxunto de medidas para promover a difusión deste importante legado cultural.

Transcorrido algo máis dun ano daquel acordo, en novembro de 2017, foi aprobada unha nova iniciativa do Grupo Popular para a adopción de “medidas urxentes” para a protección do patrimonio rupestre, na que se solicitaba a limpeza do contorno dos gravados rupestres -de acordo cos titulares dos terreos-, unha completa sinalización sobre o terreo con información sobre os propios gravados e a responsabilidade do seu coidado e protección, a súa inclusión no PXOM e continuar coas accións acordadas en 2016, entre elas, o acondicionamento e posta en valor do Centro de Interpretación de Vilvestro.

Ao longo dos últimos cinco anos, déronse algúns pasos para a consecución dos obxectivos fixados, especialmente, no referido ao inventario e catalogación (logrando un notable incremento dos gravados documentados, en boa parte pola perseverante e altruísta labor do colectivo A Rula, gran animador e impulsor da acción municipal desde os inicios). Tamén se fixeron algúns traballos de limpeza -precedidos polas pertinentes autorizacións das persoas propietarias das fincas- que non contaron coa continuidade necesaria e... pouco máis, no relativo a traballos sobre o terreo, ata o de agora.

Contrastando co limitado labor institucional sobre o terreo o longo dos últimos anos, facilmente perceptible nun percorrido por algún dos lugares emblemáticos como o que nós temos feito recentemente pola contorna da Devesa da Rula, son varias as referencias de xuntanzas no marco do convenio impulsado pola Deputación Provincial para establecer as bases de cooperación do proxecto “Compostela Rupestre”, que foi aprobado de forma unánime pola Corporación compostelá en abril de 2018.

Transcorridos tres anos, en desenvolvemento dese proxecto -ao que se teñen adherido inicialmente os concellos de Ames, Brión, Santiago, Teo e Val do Dubra e para o que se ten anunciado un investimento da Deputación de 500.000 euros- por parte do organismo provincial foi contratado un estudo en xullo de 2019 para a revisión do patrimonio rupestre nos cinco concellos (por importe de 17.484 euros), a redacción dun Plan Director a finais de marzo de 2021, cun prazo de 24 meses, e por importe de 77.440 euros; e a creación dun video promocional inserido na páxina web creada para difundir o proxecto mancomunado.

A iniciativa dos concellos a título particular, en concreto a de Santiago de Compostela, quedou relegada nesta materia para subsumirse no parsimonioso ritmo que está a marcar o proxecto conxunto.

Cómpre reiterar que se van cumprir cinco anos na espera de que se cumpra aquel primeiro acordo para protexer e poñer en valor un legado cultural de extraordinario valor -un legado que data duns tres milenios antes da descuberta do sepulcro do Apóstolo-, e segue a pasar o tempo sen que se adopten unhas elementais e urxentes medidas de protección, tal e como teñen posto de manifesto recentemente os membros do colectivo A Rula que non entenden a demora para acometer unhas sinxelas actuacións a curto prazo á marxe dunha, sen dúbida, necesaria planificación a medio e longo prazo.

A pesar da aparente dureza que cabería esperar pola natureza do seu soporte, os especialistas advirten que os gravados son elementos fráxiles que, acotío, se ven afectados por diversas causas, entre as que os incendios e determinadas accións antrópicas ocupan un lugar preeminente, polo que incidir na prevención deste dous potenciais perigos debe ser unha prioridade e unha urxencia, para evitar danos

irreparables.

Coa finalidade de avanzar nese labor de protección e promoción do gran patrimonio da arte rupestre no noso concello, propoñemos a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que, por propia iniciativa, ou ao abeiro do proxecto “Compostela Rupestre”, proceda a realizar unha actuación urxente de roza do entorno inmediato e os accesos, coa correspondente sinalización direccional, explicativa e admonitoria dos gravados rupestres inventariados no termo municipal, sen prexuízo da continuidade dos necesarios traballos para a aprobación do Plan Director e da execución das medidas que nel se poidan determinar para a posta en valor, conservación e mantemento conxuntos deste valioso patrimonio.

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA IMPULSAR UNHA NOVA ESTRATEXIA TURÍSTICA POS-COVID PARA SANTIAGO DE COMPOSTELA**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O sector do turismo téñ un gran peso en Compostela, unha importancia estratéxica na xeración de emprego, no mantemento do tecido empresarial e na posta en valor da cultura, o patrimonio, a gastronomía e a singularidade de Santiago como Cidade Patrimonio da Humanidade. A actual crise do coronavirus supuxo o parón desta actividade, afectoulle de xeito máis intenso e a maior velocidade a este sector. Os hotéis, restaurantes e axencias locais de viaxe perderon o 90% do traballo e os guías turísticos de Santiago, maiormente autónomos/as, o 100% de actividade. Iso traducíuse nunha importante perda de postos de traballo e colocou en risco as economías de moitas familias.

Por iso, é de vital importancia recuperar o emprego e o dinamismo económico do sector, a través dunha nova estratexia para o turismo. Este redeseño imposto pola crise da Covid-19 ofrécenos a oportunidade de facer unha reflexión global sobre o modelo de turismo que queremos e sobre o papel que o sector debe xogar dentro do modelo económico de Santiago. A gobernanza do turismo adquire, pois, unha nova dimensión na procura de que esta sexa unha actividade económica responsable e sustentable, que repercuta no conxunto da veciñanza dunha cidade que non pode vivir sen turismo, pero tampouco só do turismo. Debemos impulsar unha nova estratexia que recolla as ensinanzas que nos trouxo a Covid, pero que ademais evite os erros derivados dun modelo de turismo intensivo que tamén tivo impactos negativos para a cidade (o fenómeno as vivendas de uso turístico, o encarecemento dos alugueiros, a saturación de determinados puntos da zona monumental cos derivados problemas de convivencia...)

As necesarias medias para a reactivación do turismo deben ter en conta, pois, de onde vimos, pero tamén deben atender a qué Compostela queremos habitar e promocionar

no futuro, deben apostar por un novo modelo de turismo sustentable, de xestión responsable e respectuosa co medio ambiente, que fomente unhas acaídas condicións laborais, e que garanta un correcto retorno social e económico. Para iso, as novas estratexias non pode reducirse ao modelo Xacobeo, e deben aproveitar a singularidade de Santiago como un dos principais destinos culturais europeos, garantindo un ordenamento e control da actividade turística que palíe o risco de saturación e de perda de valor como destino. Nesa liña, xa no anterior mandato o goberno de Compostela Aberta apostou pola gobernanza do turismo, nun contexto ben diferente ao actual motivado pola pandemia, pero que tiña por obxectivo garantir que a actividade turística, tan importante para o desenvolvemento económico de Santiago, fora compatible coa convivencia, a calidade de vida, a conservación do noso patrimonio e o benestar a veciñanza.

A crise da Covid tamén deixou en evidencia que o turismo é unha actividade económica moi dependente dos contextos internacionais e sometido á forte competencia entre destinos. Levamos máis dun ano sen practicamente turistas en Compostela debido aos confinamentos, peches de fronteiras, perimetrexes de municipios e territorios, e as diferentes restricións establecidas nos protocolos sanitarios. As consecuencias son enormes para as empresas turísticas compostelás como as axencias de viaxe, guías turísticos, sector da hostalería e a restauración... para centos de traballadores e traballadoras.

Neste tempo de inactividade, o rol do Concello de Santiago, e en particular da área de Turismo, tornábase fundamental para traballar na planificación das medidas necesarias para a recuperación do sector no escenario pos-Covid. Non en tanto, á vista das actuacións presentadas durante este período, as políticas turísticas non modificaron o seu enfoque nin se adaptaron á nova realidade. Non se aproveitou o parón da actividade para desenvolver accións presumiblemente sinxelas, como a actualización da sinalización turística que tanto tempo leva demandándose, nin para impulsar outras medidas máis complexas, previa convocatoria do Consello municipal de turismo, órgano fundamental para debater coas entidades profesionais, asociativas e veciñais os problemas e retos ao que se enfronta a cidade e o sector turístico de cara a súa pronta recuperación. É urxente escoitar ao sector, que téñen importantes propostas e que desexa participar proactivamente nas estratexias que se poñan en marcha. É o caso, por exemplo, de AGAVI, a Asociación Galega de Axencias de Turismo, que xa lle téñen presentado ao alcalde e ao concelleiro de Turismo as súas propostas, e que pediron colaborar con Incolsa na promoción turística, na organización de eventos, ou no Plan de Sostibilidade, nun modelo de cogobernanza que debe ser estendido ao resto do tecido asociativo e para o que só é precisa vontade política.

Ademais desta necesaria cooperación co sector, urxe que se establezan sinerxias dentro da propia administración municipal, sinerxias como as que se botan en falta entre os departamentos municipais de Cultura e Turismo, que manteñen o seu funcionamento isolado cando sería imprescindible un traballo conxunto para favorecer a dinamización turística-cultural que eleve a Santiago como destino cultural de calidade.

Por outra banda, o Ministerio de Industria aprobou o Plan de Sostibilidade turística de Santiago, orzado en tres millóns de euros para, e polo tanto existen recursos económicos para impulsar medidas que permitan recuperar o sector e introducir dinámicas de sostenibilidade na súa xestión. O Goberno municipal mantén unha opacidade e ocultismo sobre as accións nas que se van investir eses recursos

económicos, e a día de hoxe descoñécense tanto as actuacións específicas como cal vai ser o rol de Incolsa neste plan estratéxico.

A axeitada xestión do turismo é un dos principais retos aos que se enfronta Santiago, e o Concello debe garantir un crecemento sustentable do sector, no que non se poñan en risco os nosos recursos nin a convivencia, e no que se garanta tamén un emprego de calidade.

Por todo o anterior, e tendo en conta a necesidade de repensar o modelo e estratexia turística de Santiago, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Convocar o Consello Municipal de Turismo á maior brevidade para abordar as políticas turísticas e as accións do Plan de sostenibilidade turística de Santiago.
2. Incorporar na nova convocatoria de axudas, nas que xa se van incluír as axencias de viaxe, a posibilidade da creación de bonos turísticos de reactivación da economía local compostelá e o turismo de proximidade como o Bono-Viaxa e o Bono-Educa (ver Anexo)
3. Impulsar o traballo conxunto entre os departamentos de Cultura e Turismo para desenvolver unha programación específica de promoción turística-cultural
4. Apostar pola promoción turística de Compostela como cidade universitaria e a posta en valor do seu patrimonio cultural e científico.
5. Renovar e actualizar a sinalización turística de toda a cidade, de xeito inclusivo e accesible ao conxunto da poboación local e visitante.
6. Promover un servizo de asesoramento e inspección da calidade no emprego no sector turístico en Santiago de Compostela.
7. Fomentar as boas prácticas laborais no sector, incluíndo nas bases das axudas a valoración da incorporación de cláusulas sociais nos contratos, o deseño e control de horarios compatibles coa conciliación familiar ou a igualdade salarial entre xéneros, entre outras.

### **MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE AS PEAXES NAS AUTOVÍAS GALEGAS**

O Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019.

Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, cun

custe para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custe duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do Parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galicia e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP 53.

Por outra parte, en Galicia existen dúas autovías da Xunta con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón un agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e o descenso da calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Concello de Santiago acorda como resolución amosar a súa rotunda oposición á intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva, que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galicia.

### **MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA A READAPTACIÓN E EXECUCIÓN DO PROXECTO DA CIDADE DA RAQUETA**

No anterior mandato municipal, o Concello de Santiago traballou conxuntamente coas federacións galegas de Squash, Badminton e Tenis de Mesa nun proxecto denominado a 'Cidade da Raqueta', que se localizaría en San Lázaro, nas inmediacións do Estadio Verónica Boquete. Este novo equipamento estaba proxectado para albergar as instalacións profesionais para a práctica deportiva destas disciplinas, desde a iniciación en categorías inferiores ata os adestramentos profesionais e a disputa de competicións de ámbito internacional. Ademais, albergarían tamén as sedes administrativas respectivas de cada unha das federacións, o que tamén permitiría optimizar espazos no Estadio Verónica Boquete de San Lázaro.

A construción da "Cidade da Raqueta" significaba dar resposta a unha demanda das tres entidades, que levaban anos reclamando un centro deste tipo en Santiago. O goberno anterior de Compostela Aberta tíñalle presentado o anteproxecto e a proposta

tanto á Xunta, como á Deputación da Coruña e ao Consello Superior de Deportes, mostrándose as administracións galega e provincial dispostas a colaborar no seu financiamento, tal e como era coñecedor o actual equipo de goberno. Tamén durante o pasado mandato iniciáronse todos os trámites urbanísticos de modificación puntual do planeamento para poder construír o equipamento na zona consensuada entre Concello e Federacións.

Aínda en setembro de 2019 o Pleno da corporación aprobou de xeito definitivo esa *“modificación puntual do plan especial para o desenvolvemento do sistema xeral de equipamento deportivo ZD-2, na área deportiva de San Lázaro, que se transformará na futura Cidade da Raqueta”* tal e como informaba naquela altura a web municipal, xa co actual goberno local.

A pesar destes avances, nunha reunión en febreiro de 2021, a concelleira de Deportes, Esther Pedrosa, informa de que as federacións de Squash e a de Badminton teñen abandonado o seu interese no proxecto -talvez diante da pasividade e inacción do actual goberno- mais que a Federación de Tenis de Mesa mantíña totalmente o seu interese para levar parte do proxecto adiante. Cómpre lembrar que Santiago é unha potencia actual nesta disciplina deportiva, fundamentalmente a través do club Arteal que conta con 70 fichas federativas, ademais de escolas de base, e que ten conseguido numerosos títulos en participacións internacionais.

Partindo desta nova situación e contexto, desde a propia Federación Galega de Tenis de Mesa teñen traballada unha proposta que permite adaptar o proxecto anterior a un máis reducido que permita a práctica desta disciplina así como a posibilidade de albergar competicións e campionatos, tanto galegos, como españois ou internacionais. Unha adaptación do proxecto orixinal que non impediría que se materializase a ‘Cidade da Raqueta’ no caso de que se recuperase o interese das outras dúas federacións, e que podería ser executado como un primeiro paso dese proxecto completo e máis ambicioso.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno a readaptar a proposta orixinal da ‘Cidade da Raqueta’ para que nunha primeira fase poida albergar un equipamento dedicado á práctica do Tenis de Mesa que ademais poida ser sede administrativa da Federación galega desta disciplina.
2. Instar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña a colaborar no financiamento desta primeira fase da ‘Cidade da Raqueta’.
3. Establecer os mecanismos de diálogo e consenso coas respectivas federacións deportivas implicadas nesta proposta.”

Con respecto á moción conxunta dos catro grupos políticos municipais que substitúe á presentada polo BNG, sobre as peaxes nas autovías galegas, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda como resolución amosar a súa rotunda oposición á intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva, que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento

económico e a cohesión social de Galicia.

A moción conxunta dos catro grupos políticos municipais que substitúe á presentada por CA, para a readaptación e execución do proxecto da cidade da raqueta, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno a readaptar a proposta orixinal da 'Cidade da Raqueta' para que nunha primeira fase poida albergar un equipamento dedicado á práctica do Tenis de Mesa que ademais poida ser sede administrativa da Federación galega desta disciplina.
2. Instar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña a colaborar no financiamento desta primeira fase da 'Cidade da Raqueta'.
3. Establecer os mecanismos de diálogo e consenso coas respectivas federacións deportivas implicadas nesta proposta.

No tocante á moción presentada polo BNG, para participar no proxecto solidario de vacinación contra a COVID en Cuba, á que presentaron emendas os grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA, e tras ser aceptadas, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (2 BNG, 5 CA e 9 PSdeG-PSOE), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do Partido Popular acorda:

- 1.- O Concello de Santiago participará na campaña de solidariedade internacional promovida por Solidariedade para o Desenvolvemento e a Paz (SODEPaZ) destinada á adquisición de xiringas para vacinación contra a covid-19 do ensaio de intervención comunitario da cidade de La Habana.
- 2.- O Concello de Santiago mostrará o apoio ao levantamento do bloqueio político, económico, comercial e financeiro que o Goberno dos Estados Unidos de América mantén contra Cuba e maniféstase a favor dunhas relacións baseadas no respecto á legalidade internacional, a paz, a soberanía nacional, a liberdade e a cooperación entre ambos os estados.
- 3.- O Concello de Santiago entregará esta resolución a todas as Asociacións de Municipios Galegos, na Comarca de Santiago de Compostela, a Deputación da Coruña, a Xunta de Galiza e os consulados de Cuba e Estados Unidos emprazados en Galiza, así como tamén ás embaixadas de Cuba e Estados Unidos en Madrid.
- 4.- O Concello de Santiago reactivará a planificación de actividades de colaboración cos responsables da Asamblea Municipal de Santiago de Cuba. Santiago de Cuba e Santiago de Compostela cidades irmás desde o ano 1992, precisan manter vivos os lazos de irmanamento e reactualizar as colaboracións relacionadas coa planificación urbana e a cultura, explorando na actualidade novos espazos de colaboración mutua.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA para a creación dunha escola de persoas maiores, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de CA, do BNG e do PP (5 CA, 2 BNG e 7 PP), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao

correspondente órgano de goberno á creación dunha Escola de Maiores que desenvolva unha programación educativa de calidade expandida a través dos centros e locais pertencentes á Rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago, prestando especial atención ao deseño formativo en temática de saúde.

A moción presentada polo grupo municipal de CA, para garantir o uso compartido do edificio multiusos de Lavacolla entre a veciñanza da parroquia e da comunidade educativa do CEIP Rodríguez Xixirei, á que presentou emenda o grupo municipal do PP, e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 7 PP e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno municipal a que:

1. Manteña o compromiso adquirido para que o edificio multiusos de Lavacolla teña uns usos compartidos entre a comunidade educativa do CEIP Rodríguez Xixirei e a veciñanza da parroquia da Sabugueira.
2. Realice as xestións oportunas ante a Xunta de Galicia para materializar, mediante o instrumento xurídico apropiado, a cesión de uso do edificio multiusos para dar servizo ao CEIP Rodríguez Xixirei durante o horario escolar.
3. Solicite, a través do procedemento xa establecido, o uso das pistas polideportivas do CEIP Rodríguez Xixirei para a veciñanza.
4. Habilite un espazo de estacionamento contiguo ao edificio multiusos.

Con respecto a moción presentada polo BNG para activar o protocolo de protección contra as violencias de xénero e evitar a revitimización, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda que o concello, a través da convocatoria da Mesa local de Coordinación contra as violencias de xénero, instará as forzas e corpos de seguridade e os organismos do ámbito xudicial que correspondan, a aplicaren o disposto no convenio subscrito entre o Ministerio de Interior e o propio Concello de Santiago de Compostela para activar a aplicación informática que dá soporte ao “Sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero”, cunha base de datos común e compartida, por parte de todos os axentes participantes co obxectivo de evitar as duplicidades do procedemento e a revitimización das mulleres e crianzas agredidas.

Ausente no momento da votación da moción en defensa dun modelo de enerxía eólica, do concelleiro D. Rubén Prol Guede.

A moción presentada polo BNG en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentábel, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE e tras ser aceptada o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (2 BNG, 8 PSdeG-PSOE e 5 CA), e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PP, acorda:

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulador do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados

(asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.

2. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:

a) Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.

b) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

3. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

Ao remate da votación volve a incorporarse á sesión o concelleiro Don Rubén Prol.

A moción presentada polo grupo municipal do PP para adopción de medidas urxentes de protección e difusión do patrimonio rupestre, á que presentou emenda o grupo municipal do BNG, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PP, do BNG e de CA (7 PP, 2 BNG e 5 CA) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente

órgano do goberno municipal a que, por propia iniciativa, ou ao abeiro do proxecto “Compostela Rupestre”, proceda a realizar unha actuación urxente de roza do entorno inmediato e os accesos, sen prexuízo da continuidade dos necesarios traballos para a aprobación do Plan Director e da execución das medidas que nel se poidan determinar para a posta en valor, conservación e mantemento conxuntos deste valioso patrimonio.

No tocante á moción presentada por CA para impulsar unha nova estratexia turística POS-COVID, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de CA, do BNG e do PP (5 CA, 2 BNG e 7 PP) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Convocar o Consello Municipal de Turismo á maior brevidade para abordar as políticas turísticas e as accións do Plan de sostenibilidade turística de Santiago.
2. Incorporar na nova convocatoria de axudas, nas que xa se van incluír as axencias de viaxe, a posibilidade da creación de bonos turísticos de reactivación da economía local compostelá e o turismo de proximidade como o Bono-Viaxa e o Bono-Educa.
3. Impulsar o traballo conxunto entre os departamentos de Cultura e Turismo para desenvolver unha programación específica de promoción turística-cultural.
4. Apostar pola promoción turística de Compostela como cidade universitaria e a posta en valor do seu patrimonio cultural e científico.
5. Renovar e actualizar a sinalización turística de toda a cidade, de xeito inclusivo e accesible ao conxunto da poboación local e visitante.
6. Promover un servizo de asesoramento e inspección da calidade no emprego no sector turístico en Santiago de Compostela.
7. Fomentar as boas prácticas laborais no sector, incluíndo nas bases das axudas a valoración da incorporación de cláusulas sociais nos contratos, o deseño e control de horarios compatibles coa conciliación familiar ou a igualdade salarial entre xéneros, entre outras.

O Alcalde pecha a sesión ás 19:13 horas. Dou fe.